

4.3.2. Criterios cualitativos de avaliación

(Consultar procedementos e tipos de avaliación no punto 11: AVALIACIÓN). Para superar o curso C1.1, o alumnado deberá demostrar que posúe o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Avaliación inicial ou de diagnóstico

Levarase a cabo durante as primeiras sesións do curso dentro da unidade didáctica 0. Estas actividades iniciais valorarán a situación do alumnado na comprensión e expresión orais, expresión escrita e competencia gramatical e avaliarán os contidos que o alumnado acadou do B2. A partires da secuenciación, valorarase para esta avaliación de diagnóstico como tarefa escrita a da fin da unidade 0: un email informal sobre recursos de presentación da unidade cero *Learning to learn*.

En función dos resultados desta avaliación inicial e das necesidades detectadas, cada docente incorporará un **plan de reforzo** ao longo da secuenciación con actividades presenciais ou na aula virtual e proporá, de ser o caso, a recolocación do alumnado que o precise.

Avaliación de progreso ou formativa

Segundo o punto 12.1.3 da "RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, a admisión, a matrícula e a organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25: " (...) *o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas, actividades ou probas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.*"

Tendo en conta o artigo enriba mencionado, a avaliación de progreso realizarase para o curso C1.1. do seguinte xeito ao longo do primeiro cuadrimestre:

- Comprensión oral / Listening: Actividades na aula durante a semana de avaliación de progreso.
- Comprensión escrita / Reading: Actividades na aula durante a semana de avaliación de progreso.
- Expresión oral / Speaking: Actividades orais realizadas dentro da aula durante a semana de avaliación de progreso.
- Expresión escrita / Writing: Realización e recollida en aula na última sesión da unidade. O alumnado terá que ter entregadas dúas destas catro tarefas finais (incluíndo alomenos unha tarefa 1 e unha tarefa 2) para poder ser puntuadas na avaliación de progreso. No caso de ter entregadas as catro tarefas, puntuaranse dúas delas (unha Task 1 e unha Task 2) tomando como nota as de maior puntuación.
 - Unidade 1: Blog post (Task 2 - 50% da nota de progreso)
 - Unidade 2: Carta ou email formal de solicitude de emprego (Task 1 - 50% da nota de progreso)

- Unidade 3: Artigo de opinión (pg 190 do libro) (Task 2 - 50% da nota de progreso).
- Unidade 5: Carta de queixa (Task 1 - 50% da nota de progreso)
- Mediación escrita: Aulas monográficas no mes de decembro sobre a destreza de mediación e realización de dúas prácticas realizadas dentro da aula e avaliadas mediante rúbrica.
- Mediación oral: Avaliada durante a semana de avaliación de progreso xunto coa tarefa de produción oral.

Para a corrección das destrezas de expresión e mediación orais e escritas empregaranse as táboas de certificación do nivel C1 e, en caso necesario, adaptaranse para avaliar tarefas e/ou contidos específicos.

Avaliación de promoción ou sumativa

As probas finais de promoción do curso C1.1 elaboraranse en base ás instrucións da Consellería para a elaboración de probas de certificación C1 do curso 2025-26.